

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA deste concello, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** a respecto da seguridade viaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo municipal leva exposto numerosas veces ao longo deste mandato a súa preocupación pola seguridade viaria na nosa vila. Consecuentemente, propuxemos a esta Corporación solucións que coidamos acáidas.

É o caso das coñecidas como “zonas 30” que presentamos en xaneiro de 2016 e que reclamamos novamente máis tarde, ao incorporalas aos acordos co equipo de goberno para a aprobación dos orzamentos de 2016.

Ou a mellora da seguridade nas rotondas de acceso á autovía e as de entrada ao peirao comercial, incluíndo a sinalización vertical e horizontal, a instalación de paneis de dirección e tamén a eliminación dos elementos que poden contribuír ao agravamento das consecuencias dos accidentes.

Tamén as actuacións sobre zonas concretas, como foron os seguintes casos:

- Establecer sentido único de circulación para automóviles nas vías rurais dende Rego, pasando por Tarrío, Cruz de Pedra e Agros da Vila, e dotalas de beirarrúas.
- Dotar dunha sinalización adecuada á zona de aparcamento do recheo portuario.
- Ampliación das beirarrúas no primeiro tramo da Rúa San Roque, así como o regulamento do tráfico para evitar as situacións de risco e perigo para o tránsito peonil.
- Mellorar a seguridade viaria para evitar a situación de perigo que se dá no cruce entre a rúa Lamas e Andrés con Rafael Dieste; ou na rúa Lápido ao seu paso ao carón do parque Rafael Baixelas, carente de beirarrúas polo que os peóns teñen que circular polo zona de tráfico. E tamén na saída á Rúa Gasset dende Manuel Murgía.
- Permitir a excepcionalidade de tránsito de baixada entre o Campo da Feira e a igrexa de Santiago do Deán para os servizos funerarios.

En canto aos pasos de peóns cabe lembrar que fai xa tres anos este pleno aprobou por unanimidade uns acordos para aumentar o seu número e dotación, mellorar a sinalización e empregar pintura non esvaradía, coa intención de minimizar os accidentes, reclamados outra vez en abril de 2018.

Por último, pero non menos importante, as propostas feitas nestes case catro anos de mandato sobre melloras nas beirarrúas que inclúen a eliminación de atrancos á accesibilidade.

Destacar que as devanditas propostas foron todas aprobadas por unanimidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal da Pobra do Caramiñal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Denunciar a pasividade do goberno municipal na realización destas medidas que mellorarían a seguridade viaria dos veciños e veciñas da Pobra.
2. Esixir do goberno a inmediata execución dos acordos citados.

A Pobra do Caramiñal, 15 de febreiro de 2019

CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL
REXISTRO ENTRADA
2019-E-RC-908
15/02/2019 12:30



Ramiro Ouviaña Ouviaña
Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.